



Comunicado sobre o **estado do galego**

Estimados pilotos:

Agardamos que esteades tendo un bo luns deica agora. Vimos en informarvos sobre o estudo que, recentemente, publicou o Instituto Galego de Estatística sobre a situación do galego en Galicia con data de publicación 11/10/2024 e que podedes consultar na seguinte ligazón:

https://www.ige.gal/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo_resultados_EEF_Conecemento_galego_2023.pdf

O informe, xunto coa valoración da Real Academia Galega da Lingua e outras institucións pertinentes no eido, confirma que, por primeira vez na historia da lingua galega, esta é a segunda máis empregada en Galicia. O que, sen dúbida, reflicte unha tendencia que, alomenos a curto prazo, continuará outorgándolle ó castelán un maior número de falantes en Galicia.

Gustaríanos chamar á reflexión individual para coñecer que pode mellorar cada quen, sen descoidar o que tamén deben mellorar as institucións gobernamentais sexa cal for a súa cor política. Trátase de facer un exercicio como sociedade para acadar a raíz do problema e, deste xeito, sermos quen de arranxalo axiña.

Air Nubeiro fará a súa parte de traballo incrementando as súas comunicacións en galego (sen descoidar o castelán, pois somos coñecedores de que non todos os membros poden entender a nosa lingua) así coma o contido web e publicacións en redes.

Animámosvos a empregar a lingua propia de Galicia nas canles de Discord, sempre que todos nos poidamos entender, na procura de normalizar o seu uso na maior medida posible.

Parafraseando ós académicos da RAG: é o momento de volver ilusionar á sociedade galega buscando un gran pacto pola lingua; é agora ou, posiblemente, xamais.

Con agarimo,
O equipo de dirección de Air Nubeiro.